



## **FESTAS DA BARQUIÑA 2016**

### **III RUTA DE BICICLETAS CLÁSICAS; III BAIXADA DE CARRETAS, CARROS E CARRILANAS E III ABERTO DE BILLA DE PONTECESO**

**SÁBADO 10 (RUTA E BAIXADA), DOMINGO 11 (ABERTO) DE  
SETEMBRO DE 2016**

#### **COMITÉ ORGANIZADOR**

**PRESIDENTE: RICARDO PÉREZ Y VERDES**

**SECRETARIO: LOIS FONTAN MAZÁS**

**VOGAIS: XOSÉ COLLAZO REGUEIRA**

**JOSÉ ANTONIO GENDE PREGO**

**MARIA DEL CARMEN BESTILLEIRO GARABOA**

**ALVARO DOMINGUEZ LOUREIRO**

**DANIEL COTELO MALPICA**

**MARIA DOLORES GONZÁLEZ ROEL**

**XABIER PÉREZ GONZÁLEZ**



## **FESTAS DABARQUIÑA 2016**

### **III BAIXADA DE CARRETAS, CARROS E CARRILANAS DE PONTECESO**

#### **REGULAMENTO**

- 1.- Poderán participar na **III BAIXADA DE CARRETAS, CARROS E CARRILANAS**, todos aquelas persoas que o desexen, sempre e cando estean inscritos para o devandito concurso/competición. **As inscricións levaranse a cabo no Museo Etnolúdico de Galicia (MELGA), sito na Centro Cultural de Ponteceso,** en horario de mañá de 9,00 h. a 13,00 h e polas tardes de 17,00 h. a 20,00 h. Os participantes poderanse inscribir de forma individual, por parellas, por equipo ou nas tres modalidades. **O prazo límite de inscrición finalizará o venres 09 de setembro ás 14,00 h.**
- 2.- Este Festival galego do Xogo e o Deporte Tradicional, **celebrarase o sábado día 10 de setembro de 2016 ás 17,00 h. da tarde,** con motivo das festas Patronais da Barquiña, organizado pola Fundación Ricardo Pérez e Verdes, e o MELGA (Museo Etnolúdico de Galicia)
- 3.- **O lugar da carreira será no Alto da Trabe. Rúa Vereda** e terá un percorrido de 600 metros, cunha pendente do 40 % aproximadamente.
- 4.- Será necesario que **as carretas e os carros, estean confeccionadas integramente de madeira e deberán cumprir coa normativa de orixinalidade da zona de Ponteceso.**
- 5.- Só permitirase como elemento engadido á madeira, usar gomas para cubrir as rodas. Tamén estará autorizado usar graxa ou sebo para lubricar os eixes das rodas e **será obrigatorio que os vehículos estean previstos dos consabidos freos.**
- 6.- Queda polo tanto prohibido utilizar rodamentos ou chumaceiras ou calquera engadido para lograr maior desprazamento ou velocidade.
- 7.- O concurso-competición realizarase baixo as **dúas modalidades seguintes: a de velocidade e a de resistencia.** Tanto para a rama **masculina como feminina.**

8.- Os competidores deberán usar vestimenta axeitada (camiseta, pantalón, zapatillas, etc.) e uso **obligatorio do casco**.

9.- Poderán participar todas aquelas persoas que se encontren **entre a franxa dos 14 a 60 anos**. As categorías serán "open", é dicir, únicas e libres.

10.- **Media hora antes do comezo de cada carreira, os xuíces/árbitros revisarán e controlarán detidamente o material e a vestimenta correspondente. De non cumprir a normativa esixida, o competidor ou o equipo serán descualificados.**

11.- **A organización poñerá a disposición dos participantes catro carretas e catro carros para a realización do evento. Calquera concursante poderá competir co seu propio vehículo sempre e cando cumpra coas normas establecidas neste regulamento.**

12.- **A competición de velocidade** (carretas e carros) consistirá en descender á maior velocidade posible os 600 m. que se compón o percorrido. **Na carreira de carretas será pilotada de forma Individual e na de carros o equipo estará formado por tres compoñentes.**

13.- A SAÍDA estará fixada no alto de Trabe, rua Vereda e a META estará situada no cruzamento de A Trabe (ABANCA). Ver mapa (1) adxunto do percorrido.

14.- **Na competición de resistencia** (carretas e carros), **a composición de equipos serán: nas carretas DOUS e nos carros CATRO**. O percorrido terá **dúas fases**. Na primeira competirase de igual forma que na de velocidade (a excepción dos compoñentes) e na segunda fase deberán realizar un percorrido a pé, empurrando aos seus pilotos por unha costa arriba e posteriormente descender de novo, montados nos seus vehículos, ata chegar á meta. **Para gañar a proba de cada modalidade deberán realizar os competidores DÚAS voltas ao circuíto**. Na saída, **destas dúas modalidades, estará permitido aos equipos realizar unha previa carreira de impulso, antes do inicio dos cinco primeiros metros do percorrido. Aqueles que superen esta liña (competidor/vehículo), serán de inmediato descualificados.** Ver mapa (2) do percorrido.

15.- **Os pilotos, en ambos os dous casos, manterase sempre no seu posto de guía durante todo o percorrido e os copilotos serán os encargados de empurrar o vehículo. Na competición de carretas por parellas, o piloto poderá descender desta, e así poder axudar ao seu copiloto no pulo, sen deixar o guiador das súas mans.**

16.- **Os descensos levaranse a cabo en series de dous ou catro competidores e cronometrarse o tempo establecido por cada un deles. Resultará o vencedor aquel que obteña o mellor tempo en percorrer o circuíto. Ao final de cada competición establecerase un ranking para cada proba así como os records obtidos.**

17.- **En caso de chegar a un empate en calquera das competicións, os concursantes deberán realizar un definitivo percorrido, sinalado pola organización, para dilucidar o vencedor final.**

19.- Outorgaranse tres trofeos en cada modalidade deportiva, así como obsequios e agasallos aos participantes. Os premios poden ser en metálico, en agasallos ou gastronómicos.

- Pódense entregar soamente os primeiros premios de cada modalidade.
- Entregar os primeiros premios e obsequio representativo para todos os participantes.
- Só trofeos, só premio gastronómico ou só premio en metálico para os tres primeiros clasificados.

20.- Para calquera información dirixirse ao MELGA (Museo Etnolúdicode Galicia) sito na Casa da Cultura de Ponteceso no teléfono 981.71.54.42, ao 661.29.02.46, correo electrónico ricardop@udc.es

### **PERCORRIDO DA COMPETICIÓN DE CARROS E CARRETAS NA MODALIDADE DE RESISTENCIA**

- 1.- SAÍDA. Do alto da Trabe, rúa Vereda.
- 2.- Baixada ata o cruzamento da Trabe (ABANCA)
- 3.- Suba cara á estrada da avenida Anllóns.
- 4.- Xiro á esquerda cara ao Campo da Feira e a rotonda.
- 5.- Baixada ao cruzamento, xiro á esquerda.
- 6.- Descenso ata a Trabe.
- 7.- META. Final no cruzamento ABANCA.

#### **OBSERVACIÓNS:**

- **A carreira componse de dous circuitos completos.**
- **As series serán de dous a catro participantes para as carretas e de dous ou tres para equipos de carros.**
- **En caso de contar cun gran número de participantes, o concurso faríase por eliminatorias, clasificando o primeiro participante gañador de cada serie, e, realizadas todas as roldas, ata chegar así á gran final.**




Don/ña \_\_\_\_\_, mayor de edad y con el  
D.N.I: \_\_\_\_\_, vecino/a de la localidad de \_\_\_\_\_  
y domiciliado en la calle/avd. \_\_\_\_\_,

**A U T O R I Z O** : a mi hijo/a ( \_\_\_\_\_ )  
a participar en la actividad de la **III BAIXADA DE CARRETAS, CARROS E CARRILANAS**, que organiza la Fundación Ricardo Pérez y Verdes y el MELGA (Museo Etnolúdico de Galicia), que se va a celebrar **SÁBADO 10 de setiembre de 2016** en el Concello de Ponteceso, **asumiendo toda la responsabilidad de cualquier incidencia que se derive de su participación.**

A los nueve días del mes de setiembre de dos mil dieciséis.

Fmado: \_\_\_\_\_



Don/ña \_\_\_\_\_, mayor de edad y con el  
D.N.I: \_\_\_\_\_, vecino/a de la localidad de \_\_\_\_\_  
y domiciliado en la calle/avd. \_\_\_\_\_,

**A U T O R I Z O** : a mi hijo/a ( \_\_\_\_\_ )  
a participar en la actividad de la **III BAIXADA DE CARRETAS, CARROS E CARRILANAS**, que organiza la Fundación Ricardo Pérez y Verdes y el MELGA (Museo Etnolúdico de Galicia), que se va a celebrar **SÁBADO 10 de setiembre de 2016** en el Concello de Ponteceso, **asumiendo toda la responsabilidad de cualquier incidencia que se derive de su participación.**

A los nueve días del mes de setiembre de dos mil dieciséis.

Fmado: \_\_\_\_\_

VELOCIDAD ANEXO 2

